

Acta XV Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA PONTEVEDRA Luns, 30 de maio de 2016 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)

Sendo as 20,15 horas e co quórum requirido (22 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior
2. Ratificación ou non do apoio a EnMarea.
3. Ratificación ou non da incorporación a mesa coordinadora de EnMarea.
4. Marea Viva
5. Varios

ACORDOS:

1. Aprobación da acta anterior. Aprobada por unanimidade.
2. Ratificación ou non do apoio a EnMarea. Infórmase da posición da coordinadora, de manter un apoio crítico a EnMarea; prodúcense intervencións sobre o alcance do apoio. Apróbase o apoio a EnMarea nas eleccións xerais con 21 votos a favor, 1 en contra e 0 abstencións
3. Ratificación ou non da incorporación a mesa coordinadora de EnMarea. Infórmase da invitación recibida de EnMarea para participar na mesa coordinadora con voz e sen voto, convite que en principio a coordinadora aceptou, e plantexa a decisión a asemblea. Prodúcese unha votación con empate, de 11 votos a favor de participar na mesa coordinadora, e 11 votos en contra de participar. Retómase o debate e realízase unha nova votación, que acorda non participar na mesa coordinadora de EnMarea, con 8 votos a favor de participar, 11 votos a favor de non participar e 3 abstencións.
4. Marea Viva. Cruz Villaverde informa da Marea viva que vai celebrar Mareas en común, para aprobar os documentos de Código Ético, Organización Interna, Forma de goberno e Regulamento de Primarias.
5. Varios. Informa Herminia da marcha de Ence non, e do acto que Marea Pontevedra organiza cos parlamentarios que defenderon a proposición de retirada da prórroga da concensión. Marcos informa da convocatoria de xuntanza dos grupos de traballo de EnMarea en Compostela

Sen máis asuntos que tratar levántase a xuntanza ás 22 horas.

Asinado: M^aCarmen González | exerceu de Secretaria de Actas

Xoán Hermida | Coordinador